

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011798	IES Alexandre Bóveda	Vigo	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Artes Escénicas I	1º Bac.	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	9
4.2. Materiais e recursos didácticos	10
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	10
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	10
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	12
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	12
6. Medidas de atención á diversidade	12
7.1. Concreción dos elementos transversais	12
7.2. Actividades complementarias	13
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	16

## 1. Introducción

O IES Alexandre Bóveda é un centro situado na cidade de Vigo, no barrio de Coia. Este barrio é un dos máis populosos da cidade con máis de 30.000 habitantes. Medrou moito a partir dos anos 60, despois da construción dun polígono de vivendas, e hoxe converteuse nunha zona con moito espazo verde e moi dinámica.

O centro ten máis de 850 estudantes e a súa oferta educativa consta de ESO e Bacharelato, con tres especialidades: científico-técnico, de ciencias sociais e humanidades e, finalmente, de artes (música e artes escénicas). Alén disto, ten catro centros de primaria adscritos: CEIP Seis de Nadal, Balaídos, Illas Cíes e Virxe do Rocío. O alumnado pertence, maioritariamente, a familias de clase media traballadora. Por regra xeral, temos pouco alumnado estranxeiro ou de fóra da comunidade, que acostuma ter unhas horas lectivas semanais por curso en agrupamentos específicos para a súa mellor integración.

A programación didáctica é un instrumento pedagóxico e didáctico co que conta o corpo docente para artellar de xeito flexible as actuacións precisas e acadar co alumnado obxectivos e competencias que nos dá o currículo para cada etapa e materia. A programación didáctica debe establecer prioridades no proceso de aprendizaxe (nas súas dúas acepcións de adquirir e transmitir coñecementos), así como clasificar os obxectivos e contextualizar os contidos do currículo. Deste xeito, unha programación didáctica debe presentar de forma coherente diferentes partes relacionadas entre si para acadar o éxito. Estas partes son: obxectivos, competencias, contidos, metodoloxía e avaliación. Así mesmo, debe desenvolver mecanismos para integrar todo o alumnado no proceso de aprendizaxe e facer unha educación inclusiva. Daquela, a atención á diversidade transfórmase nun elo central para o alumnado con necesidades específicas. Só deste xeito podemos garantir o acceso ao ensino en equidade.

Se fixermos ben o noso traballo como docentes, o alumnado terá unha aprendizaxe intelixente e así comprenderá mellor o mundo que o rodea. É moi importante potenciar a súa creatividade así como a reflexión sobre temas de actualidade, afondando con rigor nos contidos, para ter unha educación o máis global posíbel. Así é como desenvolvemos no estudantado o pensamento crítico e o descubrimento das súas competencias, que indican as súas capacidades de aplicar e adaptar o aprendido a novas situacións e contextos.

A programación pretende ser a ferramenta que facilite as seguintes tarefas:

1. Planificar o traballo de maneira eficaz.
2. Reflexionar sobre o proceso de aprendizaxe do alumnado
3. Establecer pautas para a avaliación.

Esta programación didáctica baséase nos seguintes textos legais:

Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Recomendación do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de decembro de 2006 sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente.

Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia

A materia de Artes Escénicas I de 1º de Bacharelato, nova incorporación establecida no Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, é unha materia troncal da modalidade de bacharelato de Artes na vía de Música e Artes Escénicas

Desde o curso 2008-2009, a materia de Artes Escénicas de 2º de Bacharelato, está adscrita ao departamento de Lingua Galega e Literatura, polo que a creación desta nova materia en 1º de Bacharelato tamén se adscribe a este departamento. Tanto Artes Escénicas I como Artes Escénicas II son impartidas en lingua galega e, polas súas características académicas, contribúen á normalización lingüística do centro e ao Plan Lingüístico de Centro, a través do desenvolvemento de actividades prácticas que se concretizan en varias funcións (Samaín, Nadal...), ao longo do curso no salón de actos do instituto.

Segundo o currículo, a materia de Artes Escénicas I é eminentemente práctica, polo que se converte nun espazo de experimentación e exploración colectiva desde o que fomentar o desenvolvemento da expresividade e a creatividade, e descubrir os códigos específicos das artes escénicas, incluídas as performativas. Esa mesma natureza práctica convida a vincular esta materia con outras en que tamén se cultivan destrezas musicais, vocais, corporais ou de planificación e xestión de proxectos artísticos.

A materia está deseñada a partir de cinco obxectivos, que se vinculan cos obxectivos xerais da etapa e coas competencias clave previstas para o bacharelato. Estes obxectivos permítenlle ao alumnado participar da vida

cultural da súa contorna, difundir e valorar o patrimonio. Facilitan, igualmente, o enriquecemento do seu imaxinario, o crecemento do seu repertorio persoal de recursos, a ampliación das súas posibilidades de gozo das manifestacións artísticas e a identificación de oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional ligadas a estas artes.

Así mesmo, favorecen o criterio estético, as habilidades de comunicación e negociación, o autocoñecemento, a creatividade, a empatía, a imaxinación e o espírito emprendedor. Os criterios de avaliación, que se desprenden directamente dos devanditos obxectivos, están deseñados para comprobar o seu grao de consecución. Os contidos da materia que será necesario activar para adquirir os devanditos obxectivos organízanse en cinco bloques, que non deben acometerse obrigatoriamente na orde na que están presentados, senón dunha maneira integrada en función das demandas que expoñan as distintas situacións de aprendizaxe, facilitándose deste xeito unha visión global da materia.

O primeiro bloque, «Patrimonio escénico», atende ás tipoloxías e ás tradicións das artes escénicas, así como aos seus cambios e transformacións ao longo do tempo. O segundo bloque, «Expresión e comunicación escénica», comprende diferentes sistemas, medios e códigos de significación escénica. O terceiro bloque, «Interpretación», recolle os elementos relativos á recreación e á representación da acción dramática. O cuarto bloque, «Representación e escenificación», engloba os saberes relativos ao espectáculo escénico e ao traballo en grupo. Finalmente, o bloque chamado «Recepción nas artes escénicas» ocúpase do público e das estratexias e técnicas de análises de manifestacións escénicas.

Espérase que o alumnado sexa capaz de poñer en funcionamento os contidos en situacións de aprendizaxe onde actúe como axente social progresivamente autónomo e gradualmente responsable do seu propio proceso de aprendizaxe.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar manifestacións escénicas de diferentes épocas e tradicións, describindo as súas características, establecendo relacións co seu contexto e identificando posibles influencias e proxeccións, para valorar o patrimonio e enriquecer o imaxinario propio.	2-3	3		1-2	20	1		1-2
OBX2 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes sistemas, medios e códigos de significación escénica, a través de actividades de carácter práctico, para incorporar o seu uso ao repertorio persoal de recursos e desenvolver o criterio de selección dos máis adecuados á intención comunicativa.	1			1	11-20	1	3	31
OBX3 - Abordar a recreación e representación da acción dramática, a partir da construción colectiva de escenas que mostren todo tipo de personaxes e conflitos, para desenvolver habilidades de comunicación e negociación e reforzar o autocoñecemento, a creatividade, a empatía, a imaxinación e o espírito emprendedor en diversas situacións e contextos.	1			2	11-20	1	1	31

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Realizar proxectos de creación e difusión escénica, planificando as súas fases, seleccionando e estruturando os elementos de significación e asumindo diferentes funcións con iniciativa e responsabilidade, para expresar unha intención comunicativa, enriquecer a contorna cultural e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional.	3			2	31-40	2-3	2-3	41-42
OBX5 - Valorar criticamente manifestacións escénicas, identificando o público ao que se dirixen e analizando as súas características e os seus orzamentos artísticos, para desenvolver o criterio estético, difundir o patrimonio e ampliar as posibilidades de gozo das artes escénicas.	1-3			1-2	40	1		1-2

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Conceptos básicos	Nesta unidade traballaremos os conceptos básicos das artes escénicas.	10	20	X		
2	O patrimonio escénico	Análise das distintas manifestacións escénicas ao longo da historia	20	30	X		
3	A expresión e comunicación escénica	Estudo do espazo escénico, recursos e situacións necesarias na creación artística	20	20		X	
4	A interpretación	Unidade de práctica interpretativa empregando as técnicas e métodos máis elementais.	20	20		X	
5	A creación e organización do espectáculo	Análise de todos os aspectos que cómpre ter en conta na creación dun espectáculo escénico.	20	30			X
6	O público e a crítica	Estudo dos tipos de público e da práctica crítica.	10	20			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Conceptos básicos	20

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Identificar diferentes manifestacións escénicas, empregando a terminoloxía adecuada, reelaborando información a partir de fontes fiables, e reflexionando criticamente sobre as súas características.	Identificar diferentes manifestacións escénicas.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Artes escénicas: concepto, tipoloxías e tradicións.</li> <li>- As artes escénicas e a súa historia: cambios e transformacións.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	O patrimonio escénico	30

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Identificar, cun vocabulario adecuado, as principais características de manifestacións escénicas de diferentes épocas e tradicións, establecendo relacións co seu contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa recepción activa.	Identificar as características principais das manifestacións escénicas.	PE	100
CA1.2 - Establecer conexións entre manifestacións escénicas de diferentes épocas e tradicións, valorando a súa influencia sobre as artes escénicas actuais.	Relacionar as manifestacións escénicas de distintas épocas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- As artes escénicas e a súa historia: cambios e transformacións.</li> <li>- Dramaticidade, teatralidade e performatividade.</li> <li>- O patrimonio inmaterial.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	A expresión e comunicación escénica	20

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de sistemas, medios e códigos de significación escénica, a través de actividades de carácter práctico.	Participar nas actividades interpretativas.	TI	100
CA2.2 - Recrear a acción dramática, o deseño de personaxes e a configuración de situacións e escenas, seleccionando as técnicas máis adecuadas de entre as que conforman o repertorio persoal de recursos.	Utilizar técnicas sinxelas de recreación dramática		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Códigos de significación escénica: natureza, descrición e clasificación.</li> <li>- O espazo escénico como xerador de significado. A convención teatral.</li> <li>- Recursos plásticos: escenografía volumétrica e virtual, caracterización, iluminación e espazo sonoro.</li> <li>- Recursos literarios e outros materiais. O texto dramático.</li> <li>- O conflito dramático: personaxe, situación e acción dramática.</li> <li>- O personaxe dramático: análise, caracterización e construción.</li> <li>- Xogo dramático, improvisación, dramatización e creación colectiva.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	A interpretación	20

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Empregar técnicas elementais de interpretación, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita, diálogo e aprendizaxe.	Respectar e participar nos ensaios das interpretacións propias e do grupo.	TI	100
CA3.2 - Recrear e representar a acción dramática, demostrando eficacia, seguindo as indicacións da dirección, mantendo a concentración e xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico.	Participar na representación dramática proposta de xeito guiado e correcto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Preparación física e preparación preexpresiva. O coidado do corpo nas artes escénicas e performativas.</li> <li>- Métodos e técnicas de interpretación.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os instrumentos do intérprete: expresión corporal, xestual, oral e rítmico-musical. A conciencia emocional.</li> <li>- A personaxe dramática: graos de representación, obxectivos e funcións.</li> <li>- A partitura interpretativa e a súa execución.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	A creación e organización do espectáculo	30

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.2 - Avaliar e presentar os resultados da participación en proxectos de creación e difusión escénica, analizando a relación entre os obxectivos expostos e o produto final obtido, e explicando de forma argumentada as posibles diferenzas entre eles.	Presentar análise de resultados do produto final.	PE	10
CA4.1 - Participar activamente na realización de proxectos colectivos de creación e difusión escénica, asumindo diferentes funcións con iniciativa e responsabilidade, e valorando e respectando as achegas e experiencias do resto de integrantes do grupo.	Participar na realización de proxectos asumindo algunha función de responsabilidade.	TI	90
CA4.3 - Representar e adaptar a acción dramática, os elementos dramáticos, expresivos e plásticos dispoñibles aos requirimentos do proxecto para desenvolver baseándose no traballo colaborativo e inclusivo.	Participar nunha representación dramática respectando o traballo do grupo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O espectáculo escénico: concepto e características.</li> <li>- Tipoloxías básicas do espectáculo: clásico, de vangarda, corporal, occidental, oriental, de obxectos, musical, dancístico, de interior, de rúa.</li> <li>- Outras formas de presentación escénica: happening, performance, videoteatro ou teatro-danza.</li> <li>- O deseño dun espectáculo: equipos, fases e áreas de traballo.</li> <li>- Os ensaios: tipoloxía, finalidades e organización.</li> <li>- Representación de espectáculos escénicos.</li> <li>- Estratexias de traballo en equipo. Resolución de conflitos.</li> </ul>



UD	Título da UD	Duración
6	O público e a crítica	20

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Identificar o tipo de público ao que se dirixe un espectáculo determinado, baseando os argumentos na análise da obra e nas reaccións do público.	Identificar o tipo de público de determinado espectáculo.	PE	100
CA5.2 - Comentar manifestacións escénicas, empregando a terminoloxía adecuada, reelaborando información a partir de fontes fiables, e reflexionando criticamente sobre as súas características e orzamentos artísticos.	Presentar unha crítica a unha manifestación escénica con vocabulario axeitado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O público: concepto e tipoloxías.</li> <li>- A recepción teatral: catarse, estrañamento e participación.</li> <li>- Estratexias e técnicas de análises de manifestacións escénicas.</li> <li>- O respecto da propiedade intelectual. A protección da creatividade persoal.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A programación didáctica desenvolverase de acordo cos seguintes principios metodolóxicos xerais. O profesorado da materia poderá adaptar a metodoloxía a cada caso concreto, segundo estime conveniente en función das características e circunstancias do seu alumnado. É dicir, empregarase unha metodoloxía activa e participativa que favoreza o traballo individual e cooperativo do alumnado, adaptándose aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado. Primarase, polo tanto, a aprendizaxe baseada en proxectos e aprendizaxe baseada en retos.

A primeira resulta a aprendizaxe máis axeitada para garantir o tratamento de todos os contidos previstos e a superación dos criterios de avaliación que se propoñen, pois requiren a identificación dunha necesidade informativa, a planificación e a distribución de tarefas entre os membros dun grupo, a realización de pequenas investigacións e tarefas integradas de cara á elaboración dun produto final que cómpre comunicar.

A aprendizaxe baseada en retos porase en acción nos proxectos finais ou ao longo do curso, abordando retos que o alumnado terá que resolver, problemas, creación de bosquexos intermedios e verificación do produto final.

Ademais, promoverase a aprendizaxe cooperativa, facendo fincapé na interdependencia xa que se busca desenvolver diferentes roles por parte do alumnado na creación de produtos escénicos completos.

Estas cuestións inclúen traballo individual, a interacción na aula e a toma de decisións grupais proporcionando ocasións para que o alumnado cre coñecemento de xeito conxunto.

Moitas das tarefas que se presentarán están pensadas para realizar en grupo de xeito integrador e favorecendo a inclusión de distintos niveis de aprendizaxe facilitando así a atención á diversidade. Porase énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Salón de actos
Aula baleira e/ou pavillón de educación física
Aula ordinaria
Aula de música e/ou instrumentos
Fondos da biblioteca: literatura dramática etc.
Recursos audiovisuais
Atrezzo variado
Aula de informática
Aula virtual
Obradoiros de teatro e danza
Participación de profesionais das artes escénicas
Apuntamentos propios e fotocopias de material diverso

Os materiais e recursos didácticos relacionados empregaranse no desenvolvemento da programación desta materia.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Non procede

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	100	100	0	0	10	100	<b>42</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	0	0	100	100	90	0	<b>58</b>

### **Criterios de cualificación:**

O carácter eminentemente práctico da materia de artes escénicas convértea nun espazo de experimentación e exploración colectiva desde o que fomentar o desenvolvemento da expresividade e a creatividade, e descubrir os códigos específicos das artes escénicas, incluídas as performativas. Esa mesma natureza práctica convida a vincular esta materia con outras en que tamén se cultivan destrezas musicais, vocais, corporais ou de planificación e xestión de proxectos artísticos.

Polo tanto, dado que a materia ten cinco bloques de contido, en que se mestura teoría e práctica, e que a metodoloxía das unidades é altamente procedemental, as porcentaxes de cada bloque de contidos serán:

- Proba teórica escrita: 40%. A proba teórica pode referirse tanto aos contidos teóricos dos bloques de contidos como ao desenvolvemento de supostos prácticos (análise reflexiva e comentada dun texto dramático e/ou espectáculo de artes escénicas; elaboración da posta en escena a partir dun estímulo como un texto, imaxe etc.; análise dos elementos dramáticos: caracterización de personaxes, conflito dramático, espazo escénico, música, iluminación etc.). Haberá unha proba escrita por avaliación e/ou traballo(s) obrigatorio(s) sobre os bloques de contidos. O profesorado de Artes Escénicas poderá propor ao seu alumnado diferentes traballos obrigatorios ao longo do curso, individuais ou grupais. Se non se entrega o traballo na data fixada puntuará cero. O alumnado terá que expor oralmente o seu traballo se así llo indica a profesora.

Se se realizar máis dunha proba escrita ou traballo obrigatorio, acharase a media aritmética entre elas.

Na cualificación da proba teórica ou traballos escritos, descontarán erros de expresión (redacción), puntuación, non utilización de terminoloxía adecuada e ortografía. Por erros de acentuación, descontarase 0,05; por erros ortográficos, 0,10, até un máximo de 2 puntos.

Cando se demostre que houbo copia nos exames, a cualificación será un 0. Se a copia se produce nun traballo escrito, o alumnado será convocado a unha proba oral para defendelo diante da profesora.

- Parte práctica: 60%. Participación, traballo regular na aula, preparación das obras e traballo na casa, improvisación, xogo dramático, dramatización, creación colectiva, creación de proxectos escénicos, asistencia e implicación en ensaios, resolución de conflitos do traballo en equipo/cooperativo, presentación de varios proxectos ao longo do curso (Samaín, Nadal, fin de curso...), elaboración de escenografía, vestiario, atrezzo, decorados etc. Esta parte avaliarase mediante a observación sistemática na aula, táboas de indicadores, escala de estimación e/ou rúbricas; o mesmo instrumento de avaliación utilizarase nas actuacións públicas e nos proxectos escénicos. Poden realizarse exames individuais prácticos en que o alumnado deberá demostrar a súa destreza no ámbito das artes escénicas.

A cualificación final de cada avaliación acadarase cunha puntuación mínima de 5, atendendo aos criterios porcentuais explicados arriba (proba teórica, 40% + proba práctica, 60%).

A cualificación final, será o resultado da media ponderada das tres avaliacións (nota XADE), segundo as seguintes porcentaxes:

1ª avaliación: 30%

2ª avaliación: 30%

3ª avaliación 40%

A materia considerarase superada cando a nota final sexa 5 ou máis.

### **Redondeo**

Dependerá da implicación do alumnado ao longo do trimestre: traballo na aula e na casa, participación diaria positiva nas clases, reflexión crítica e construtiva nas súas valoracións e intervencións, iniciativa na creación colectiva, habilidades para traballar en equipo/cooperativamente etc.

O profesorado valorará positivamente o uso oral da lingua galega por parte do alumnado, xa que será a lingua vehicular da materia, e a presentación de traballos voluntarios, propostos polo profesorado ou polo alumnado. Os traballos voluntarios non poderán ser entregados nas dúas semanas anteriores a cada avaliación.

Cando a nota de cada avaliación ou final dea números con decimais, se estes están por debaixo de 0.5 tenderase á nota enteira inferior, e se están por enriba de 0.5 tenderase á nota enteira superior. Por exemplo, se a media é de 6.3, a nota será 6; se a media é 6.7, a nota será 7.

O profesorado valorará positivamente o uso oral da lingua galega por parte do alumnado, xa que será a lingua vehicular da materia, e a presentación de traballos voluntarios, propostos polo profesorado ou polo alumnado. Os traballos voluntarios non poderán ser entregados nas dúas semanas anteriores a cada avaliación.

A proba extraordinaria, igual que as probas da avaliación ordinaria, consistirá nunha proba escrita en que se recollerán os contidos da materia (40% da nota) e unha proba práctica (60% da nota).

Para superar a avaliación extraordinaria, é necesario que o alumnado obteña unha puntuación mínima de 5 puntos na proba correspondente.

### **Criterios de recuperación:**

Ao rematar cada unha das avaliacións, ou ben nos meses de maio-xuño, o alumnado que non acade o aprobado ofreceráse-lle a posibilidade de recuperar a materia facendo unha proba escrita con peso do 50% e unha práctica escénica individual que será o 50% da nota. Para considerar a materia superada terá que acadar unha cualificación de 5 ou máis.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non procede neste curso

### 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Non procede nesta materia

## 6. Medidas de atención á diversidade

Prestaremos especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ofrecendo diferentes formas de organización dos espazos e tempos da clase, e metodoloxías variadas que permitan a todo o alumnado seguir as explicacións e actividades propostas.

O obxectivo fundamental é asegurar a normalización, inclusión e non-discriminación deste alumnado coa fin de que poida acceder a unha educación de calidade con igualdade de condicións.

Para garantir un apoio axeitado a este alumnado, é fundamental establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervén na súa educación, e organizar os recursos persoais e materiais do centro coa fin de desenvolver actividades encamiñadas á inserción e promoción.

Estudiaranse as circunstancias concretas de cada caso, con especial atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, establecendo as liñas educativas a seguir e garantindo así os apoios necesarios. Para elo, a función da coordinación entre docentes, alumnado e familias é fundamental a través da titoría.

Con todo, para a atención á diversidade do alumnado de bacharelato estarase ao disposto na lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Algunhas posibles ferramentas para organizar a atención á diversidade serían:

1. Organizar o alumnado en diferentes agrupamentos nas actividades segundo os seus intereses e motivacións.
2. Utilizar materiais variados en ditas actividades: escritos, audiovisuais etc.
3. Aplicar diversas técnicas e metodoloxías para explicar un mesmo contido.
4. Manter o contacto permanente con este alumnado a través de entrevista persoal e titorías coas familias para saber que parte da asignatura cóstalles máis seguir.
5. Ofrecerlle tempo extra para asimilar as explicacións (por exemplo, algún recreo a semana para consultar dúbidas) e para resolver probas específicas.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual			X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital					X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial			X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico						X
ET.7 - Educación emocional e en valores					X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade			X	X	X	X

### Observacións:

Comprensión lectora: Traballarase principalmente a través dos textos dramáticos e explicativos para aprender os contidos teóricos.

Expresión oral e escrita: A través da redacción de textos dramáticos e de exposición oral de escenificacións ou creación de propostas.

Creatividade: actividades de escenificación, adaptación de proxectos de artes escénicas, xogo dramático, improvisación, creación de propostas a partir de pautas.

Actividades que implican traballo cooperativo en equipo para a creación de propostas de artes escénicas (teatro, danza, música etc.).

Igualdade entre sexos: Utilización de obras de diversos estilos e épocas compostas tanto por homes como por mulleres, fomentando especialmente o repertorio composto por mulleres e intérpretes femininas.

Fomento do espírito crítico. A través da comprensión dos elementos que conforman a produción artística e dos distintos estilos e xéneros, o alumnado conformará unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo responsable .

Educación emocional e en valores. Actividades cooperativas nas que é primordial respectar as producións dos demais e axudarse mutuamente para conseguir un produto conxunto.

Competencia dixital: investigación e consulta de contido na rede, traballo na busca de información fiable e filtrada.

Comunicación audiovisual: Gravación, publicación e distribución dos proxectos a través das redes sociais do centro.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Espectáculo escénico	Asistencia como público a algún espectáculo escénico	X	X	X
Interpretación conxunta	Participar nalgunha actividade do centro interpretando algunha escenificacións traballadas durante o curso.	X	X	X
Impartición de obradoiros dalgunha disciplina das artes escénicas	Participación activa do alumnado	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas e visitas ao centro de profesionais das artes escénicas	Asistencia do alumnado	X	X	X
Visita á ESAD de Galicia	Asistencia do alumnado		X	X

**Observacións:**

Algunhas destas actividades complementarias, ou outras que poidan xurdir, só se poderán levar a cabo se o centro pode asumir este gasto, xa que parte do noso alumnado non o poderá asumir polos seus propios medios.

**8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro**

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Usáronse distintos instrumentos de avaliación
Metodoloxía empregada
Conseguíuse motivar o alumnado para lograr a creatividade no alumnado
Conseguíuse a participación activa do alumnado
Dáse un peso real á observación do traballo diario na aula.
Valorouse adecuadamente o traballo cooperativo do alumnado dentro do equipo
Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas que se van tratar.
Combínase o traballo individual e en equipo.
Poténcianse estratexias tanto de expresión verbal como de expresión corporal
Poténcianse estratexias que favorecen a interpretación
Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe.
Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da práctica diaria na clase etc.
Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar o seu proceso de ensino-aprendizaxe

Medidas de atención á diversidade
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
Consegiuse unha aprendizaxe significativa no alumnado
Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender o alumnado con NEAE
Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.

### Descrición:

A programación é un documento aberto e susceptible de cambios segundo observemos os procedementos que funcionan e os que non. Debe revisarse cada ano coa fin de adaptala mellor á realidade das aulas. A posta en práctica de dita programación é o que nos permite melloralas, recollendo a través dos procedementos de avaliación da propia programación e da práctica docente, a información necesaria para reformala. O proceso de avaliación da propia programación e da práctica docente realízase dentro do Departamento coa información recollida polos docentes sobre diferentes aspectos do desenvolvemento da mesma, que debería incluír unha valoración/avaliación dos estudantes, do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe, que pode realizarse a través dun cuestionario ou unha entrevista con cada alumno a final e curso. Algúns dos ítems a contemplar para avaliar a propia programación e a práctica docente mediante rúbrica son os seguintes:

- Comprobación dos obxectivos propostos: se estes se adaptan ao curso correspondente, se se poden acadar coas unidades propostas, a porcentaxe de alumnado que consegue ditos obxectivos, etc.
- Idoneidade das unidades didácticas propostas: se hai correlación entre obxectivos, contidos e criterios de cualificación nestas, a corrección da temporalización, e se contribúen realmente a acadar as competencias clave.
- Utilidade dos materiais didácticos empregados: comprobar se o alumnado os entende, se son variados, se están adaptados para o alumnado con necesidades educativas específicas e de apoio educativo, se inclúen TIC, etc.
- Valoración dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación: se son útiles e precisos, se os instrumentos de avaliación inclúen métodos cualitativos e cuantitativos, se se inclúen procedementos de recuperación, etc.
- Grao de implicación dos estudantes no proceso de ensino-aprendizaxe: coñecen os obxectivos propostos, o repertorio e actividades parécenlles adecuados, coñecen os criterios de avaliación e cualificación, etc.
- Tido en conta o anterior, elaboración de propostas de mellora.

Os ítems anteriores avalíanse mediante os indicadores do proceso de ensino e a súa práctica docente con respecto dos indicadores de logro nunha escala de 1 (nunca) a 4 (sempre).

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para o seguimento da programación, avaliación desta e propostas de melloras utilizaremos unha táboa de indicadores considerando os ítems expostos no punto anterior: "avaliación do proceso de ensino e práctica docente", valorando para cada un deses ítems o grao de consecución e facendo propostas de mellora naqueles puntos que se observen carencias. Así o procedemento de seguimento e avaliación da programación e da práctica docente farase mediante táboas de indicadores ou cuestionario dirixido ao alumnado.

A partir da análise dos datos extraídos destes procedementos de seguimento, faranse as correspondentes propostas de mellora.

Dito seguimento farase en reunións mensuais de departamento. Tomarase nota das propostas de revisión que se realicen nestas reunións, e na reunión final do mes de xuño valoraranse de novo de cara a incorporalas nas programacións do curso seguinte. As conclusións máis salientábeis serán recollidas na memoria final.

## 9. Outros apartados